Segundo o documento sobre conflito de intereses no ámbito da saúde, publicado pola Xunta de Galicia e aprobado polo Consello de Bioética de Galicia, denomínase conflito de intereses ao conxunto de circunstancias que orixina un risco de que o xuízo ou a actuación dun profesional respecto dun interese primario poida verse influído de forma indebida por un interese secundario.

Na mesma liña, a Lei 1/2016 de Transparencia e Bo Goberno, explica na súa exposición de motivos a necesidade de potenciar o control sobre os eventuais conflitos de intereses que poidan xurdir no exercicio do altos cargos, regulando ditos conflitos no artigo 43 da mesma norma.

Con todo, a práctica está moi lonxe da teoría e nestes últimos meses non paran de saír exemplos prácticos de portas xiratorias e desvíos de poder no eido da sanidade galega.

A última noticia a atopamos na designación da ex conselleira de Sanidade Rocio Mosquera para a dirección da empresa pública Galaria, encargada de xestionar a alta tecnoloxía da sanidade galega.

Neste sentido, é necesario cuestionar en primeiro lugar a propia existencia de Galaria (antigo MEDTEC) como empresa provedora de servizos de alta tecnoloxía, ao ser un foco de denuncia pública por opacidade, ademais de resultar incomprensible que sendo a innovación en tecnoloxía unha das motivacións da existencia da empresa, esta estea subcontratada polo SERGAS mediante unha



colaboración público-privada, un tipo de xestión ao que a Sra. Mosquera foi moi proclive na súa etapa na Consellería de Sanidade con fórmulas e modelos de xestión privada, especialmente agraviantes para a área sanitaria de Vigo, e con decisións mediatizadas por conflitos de interese e políticas privatizadoras.

A encomenda realizada para a xestión da Oficina Técnica do Novo Hospital de Vigo e a subcontratación coa empresa Eficiencia Clinical Management, non só constituíu unha porta xiratoria en sí mesma, si non que tivo uns pésimos resultados de xestión, chegando a ser substituída pola xestión pública. No referente ao Novo Hospital de Vigo, a ex conselleira puxo en marcha a privatización do mesmo mediante unha fórmula de concesión de obra pública a iniciativa de financiación privada, coñecida como PFI, pola que se privatizou a xestión no novo hospital e se reduciron de forma substancial as prestacións sanitarias do mesmo para favorecer os intereses económicos da empresa privada concesionaria, que a día de hoxe xa ten amortizado un terzo da débeda de construción, mentres que o Servizo Galego de Saúde deberá pagar un canon de 68 millóns a esta empresa durante a lo menos 20 anos, a maiores dos custos de outros servizos como a limpeza ou a lavandería.

Respecto ao conflito pola xestión privatizadora do Novo Hospital de Vigo, non debemos esquecer que este rematou co seu mandato cando foi cesada como Conselleira logo dunha masiva manifestación na que a cidadanía de Vigo rexeitou a súa política sanitaria.

Pero os tratos de favor da Sra. Mosquera, exemplificáronse tamén coa renovación do concerto co Hospital Povisa cun evidente conflito de intereses ao formar parte dos órganos directivos Do Hospital A nosa Señora da Esperanza, pertencente o grupo Povisa.

A elección deste persoa, constitúe unha falta de respecto a cidadanía e á propia lexislación en materia de incompatibilidades non so polo trato de favor ás



empresas privadas durante o seu mandato como conselleira se non porque durante a súa carreira profesional veu ocupando varios postos de relevancia na xestión de empresas e hospitais privados que facturan grandes cantidades ao Servizo Galego de Saúde.

Esta noticia, únese a xa publicada fai uns meses sobre a purga do Goberno de Feijóo aos xefes de servizo de varios hospitais que podían resultar incómodos para a execución das privatizacións levadas a cabo dende a súa chegada ao goberno, manifestando Xustiza, tanto en primeira instancia como no Tribunal de Xustiza de Galicia que eses ceses e as súas novas adxudicacións, estaban viciadas dun evidente desvío de poder, como foi o caso da praza que se entregou a Manuel Bustamante, marido da exconselleira de sanidade a Sra. Mosquera.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Considera o Goberno que as actuacións expostas son acordes coa Lei?
- Considera o Goberno que as actuacións expostas son éticas?
- Considera o Goberno que existen conflitos de interese nas mencionadas actuacións?
- Considera o Goberno que existe conflito de interese na designación da Sra. Mosquera?
- Cales son os motivos do Goberno para premiar deste xeito a unha persoa que foi cesada das súas funcións?
- Que opinión lle merece ao Goberno os pronunciamentos da Xustiza en relación ao cese dos xefes de servizo?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 10/01/2018 10:48:06

Á Mesa do Parlamento

Carlos López Crespo, Teresa Egerique Mosquera, M^a Angeles García Míguez, Soraya Salorio Porral, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 8^a Pesca e Marisqueo.**

O novo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) financia proxectos de aplicación da nova reforma da Política Pesqueira Común (PPC) e presta apoio financeiro aos pescadores, acuicultores e poboacións costeiras para a súa adaptación ás novas normas.

No marco do FEMP promóvense proxectos destinados a fomentar o “crecemento azul” e a creación de postos de traballo, ao amparo da política marítima integrada da UE; facéndose extensión á xestión, recuperación e seguimento de zonas mariñas protexidas, paraxes da Rede Natura 2000 e hábitats costeiros de especial interese para a cría de organismos mariños.

Neste eido, para o período 2010 - 2015, convocáronse as correspondentes axudas ao abeiro do anterior Fondo Europeo da Pesca, por un importe máximo de 9,5 M€.

Somos conscientes de que, pese a que no 2016 non houbo convocatoria, debido ao período de adaptación ao novo FEMP, proceso xa coñecido por todos os presentes, si se realizou unha encomenda para 2016 e 2017, co obxectivo de rexenerar os bancos marisqueiros en toda Galicia.

Facendo balance, contamos con que:

1. A planificación da rexeneración de zonas improdutivas ou de baixa produción permitiu recuperar preto de 8 M m² de superficie marisqueira entre 2010 e 2015.
2. As entidades asociativas do sector pesqueiro executaron 170 proxectos nos que a Consellería do Mar investiu 4,9 M €.
3. A clasificación microbiolóxica de 33 zonas de produción foi mellorada.

Neste senso, desde o Grupo Parlamentario Popular, consideramos relevante recuperar as zonas que perderon a súa capacidade ou potencialidade produtiva a través da rexeneración das mesmas.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguintes Preguntas Oraís en Comisión:

1. Que tipo de actuacións ten a Xunta de Galicia previsto plantexar no presente ano e a futuro, horizonte 2020, no campo da conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños?
2. No marco de actividades marisqueiras sostibles, dispón a Xunta de Galicia dunha previsión aproximada da cantidade de superficie de bancos marisqueiros que se prevé rexenerar ao longo de este ano e a futuro, horizonte 2020?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2.018

Asinado dixitalmente por:

Carlos Enrique López Crespo na data 10/01/2018 11:34:57

Teresa Egerique Mosquera na data 10/01/2018 11:35:09

María Ángeles García Míguez na data 10/01/2018 11:35:51

María Soraya Salorio Porral na data 10/01/2018 11:35:59

Alberto Pazos Couñago na data 10/01/2018 11:36:06

Marta Rodríguez Arias na data 10/01/2018 11:36:17

Daniel Vega Pérez na data 10/01/2018 11:36:30

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a**

Cada vez son máis numerosas as denuncias das e dos profesionais sanitarios pola saturación nos hospitais, produto das políticas de peche de camas e unidades levadas a cabo polo Goberno da Xunta de Galicia, que xa están a converter os peches en algo permanente.

No caso do CHOP, a Xunta de Persoal denunciou que o peche afecta xa a máis unidades e durante máis tempo.

O que comezou sendo un peche de 15 días para arranxar a unidade de lactantes, leva xa seis meses pechada, derivando as nenas e nenos aos diferentes servizos que dispón o hospital tales como obstetricia, xinecoloxía ou os máis afortunados pediatría.

O Servizo de neumoloxía ten a cargo a 42 pacientes dos cales 30 están fóra da súa unidade, pois aínda abriu na súa totalidade o día dous e o fíxoo de xeito temporal. Unha situación parecida tena tamén medicina interna, que ten fóra da súa unidade a 26 pacientes e varios en urxencias á espera.

Nas urxencias, a situación é totalmente límite, persoas esperando durante horas nos corredores á espera de camas mentres estas permanecen pechadas.

Si ben estas son situacións vividas no CHOP, anteriormente tamén se teñen denunciado as mesmas situacións no CHUAC ou no CHUS, polo que estamos



ante unha política de desmantelamento da sanidade pública que está a afectar dun xeito gravísimo na atención das persoas.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.^a) Cal é a finalidade que está a perseguir a Xunta de Galicia coa política de recortes de servizos nos hospitais?
- 2.^a) Considera normal a Xunta de Galicia que se vivan estas situacións nos hospitais públicos do SERGAS?
- 3.^a) Considera que as e os profesionais poden traballar nesta situación?
- 4.^a) Considera que se están a respectar os dereitos das e dos pacientes no Servizo Galego de Saúde?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 10/01/2018 10:51:59

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a**

Fai tempo que tanto as e os profesionais, como sindicatos, asociación ou o propio Consello de Contas, veñen denunciando o abuso da temporalidade nas contratacións do SERGAS.

A semana pasada, a instancias da Inspección de Traballo que actuou movida por unha denuncia formulada polo sindicato de enfermería SATSE, a Tesorería General de la Seguridad Social resolvía que o Servizo Galego de Saúde ten a obriga de cotizar as fins de semana e festivos nos que sistematicamente parte do seu persoal contratado permanece de baixa.

As e os profesionais inscritos na lista de contratación do SERGAS está recibindo resolución da Dirección Provincial da Seguridade Social na que se lles comunica a obriga do SERGAS de ingresar as cotizacións non declaradas por aqueles días non laborables entre dous ou máis contratos concatenados de luns a venres.

Segundo a Inspección de Traballo, a práctica habitual consiste en contratar de luns a venres a unha persoa como substituta dunha praza fixa e dala de baixa na fin de semana ou festivo para volver a tramitar a s alta no día laborable seguinte.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión :



- 1.) Ten coñecemento a Xunta de Galicia sobre as irregularidades que sinala a Inspección de Traballo en relación ás contratacións no Servizo Galego de Saúde?
- 2.) Considera a Xunta de Galicia que está a realizar unha contratación axeitada no SERGAS?
- 3.) Cando ten previsto convocar Ofertas Públicas de Emprego para o Servizo Galego de Saúde?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 10/01/2018 10:57:52

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a**

A Asociación *Batas Blanca*, acaba de denunciar, no Consello de Contas, pagos irregulares do Servizo Galego de Saúde a tres empresas provedoras de servizos de xestión hospitalaria.

Os contratos foron licitados ao longo do ano 2001, para os servizos de adquisición de materiais e equipos de analítica para o laboratorio de CHOP, o transporte e organización de almacéns de medicamentos, produtos sanitarios e historias, así como á explotación da cafetería do Hospital Montecelo, por un máximo de 48 meses o último e 24 meses os primeiros. Os importes dos contratos foron por máis de 10, 7 millóns de euros máis IVE, no caso do primeiro e de 610.000 e 766.3000 euros máis IVE, no caso do segundo e terceiro respectivamente.

A Asociación denuncia que unha vez vencidas as prórrogas dos mesmos, os pagos estaríanse realizando sen concurso público, pois foron superados os prazos da concesión inicial e as prórrogas legais.

Denuncian tamén, que no caso dos dous primeiros, as prórrogas non estaría xustificadas xa que no transcurso de duración das mesmas, foron modificadas as condicións establecidas nas bases do concurso, con modificacións nos costes de servizos que implican cambios substanciais no gasto. Un exemplo disto é o que se refire á dotación do laboratorio do CHOP, no que foron modificadas as técnicas e os quipos, cun notable incremento da facturación tras o peche do



laboratorio propio do ambulatorio de Vilagarcía de Arousa que agora deriva a Pontevedra as analíticas.

O Consello de Contas, no seu Informe de fiscalización sobre as contratacións do SERGAS nos exercicios 2012-2014, xa publicaba irregularidades na licitación dos dous primeiros contratos, con cláusulas contraditorias nos prazos de presentación da documentación, falta de motivación suficiente nos informes técnicos, incorrecta aplicación da fórmula de cálculo, falta de desglose en subcriterios, indefinición previa da fórmula de ponderación dos informes emitidos por diferentes servizos...etc.

Ademais, é importante recordar que o primeiro dos contratos, que é o de maior importe, xa foi obxecto de investigación por parte da Fiscalía de Pontevedra.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.) Que coñecemento ten o Goberno sobre a denuncia feita ao Consello de Contas sobre os pagos irregulares destes contratos?
- 2.) Que opina o Goberno sobre que o informe do Consello de Contas dos exercicios 2012-2014 xa informara de irregularidades na adxudicación de dous dos contratos denunciándoos por pagos irregulares?
- 3.) Teñen algún tipo de relación estas irregularidades coa dimisión do anterior xerente do CHOP?
- 4.) Considera o Goberno, tendo en conta as advertencias do Consello de Contas, que está a actuar de xeito correcto nas contratacións do SERGAS?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2018.

Asinado dixitalmente por:



Eva Solla Fernández na data 10/01/2018 11:02:29

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a**

No ano 2010, o Concello do Porriño asinou un acordo coa Xunta de Galicia, no que puxo a disposición da mesma unha parcela cunha superficie de 525 metros cadrados para ampliar o Centro de Saúde.

A ampliación do Centro de Saúde do Porriño é unha demanda que leva unha década sen ser atendida por parte da Xunta de Galicia, pese a tratarse dun Centro de Saúde que sigue incrementando o número de pacientes aos que ten que atender, chegando a ser máis de 40.000 usuarios potenciais os que poderían ter que acudir ao Centro, que ademais conta con Punto de Atención Continuada de tres da tarde a oito da mañá, horario no que tamén atende a concellos da contorna como poden ser Mos ou Salceda de Caselas.

Ademais da ampliación do Centro, as veciñas e veciños do concello de Porriño reivindicán tamén que de xeito simultáneo, se dote o mesmo dos medios técnicos e humanos suficientes para facer fronte á actual demanda.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- **Cando ten pensado a Xunta de Galicia realizar as obras comprometidas para a ampliación do Centro de Saúde do Porriño?**
- **Vai a incluír nos vindeiros orzamentos unha partida suficiente para poder levar a cabo as obras?**



- Que explicación ten a Xunta de Galicia para non ter acometido xa ditas obras?
- Considera normal a situación de saturación que existe no Centro de Saúde do Porriño por falta da súa ampliación e dotación dos medios técnicos e humanos necesarios?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 10/01/2018 11:06:53

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª**.

Co abandono por parte do Partido Popular do Plan de Mellora da Atención Primaria, a maioría dos centros de saúde prometidos ficaron esquecidos. Con todo, o Goberno mantivo a promesa de construción sobre algúns deles.

No caso de Centro de Saúde de O Hío, no Concello de Cangas, o Goberno municipal mercou e puxo a disposición da Xunta de Galicia os terreos necesarios en O Viso para a súa construción, cun investimento público de 400.000 euros. O proxecto chegou a aparecer nunha partida dos orzamentos de 2012, desaparecendo nos anos seguintes sen que se tivese levado a cabo o prometido.

A día de hoxe, o centro de saúde continúa sen construírse, poñendo en dúbida o compromiso do Goberno coa saúde das veciñas e veciños do Morrazo, ademais de malgastar os recursos públicos coa compra duns terreos que continúan paralizados e co gasto do acondicionamento das instalación actuais.

Por todos estes feitos, e dado o próximo debate orzamentario, En Marea presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Cal é o motivo para non ter orzamentado e levado a cabo este proxecto a pesares da cesión dos terreos e a necesidade da infraestrutura?



- Vai o Goberno a orzamentar e executar, para estes vindeiros orzamentos, o proxecto e obra do novo Centro de saúde de Aldán- O Hío?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 10/01/2018 11:10:45

Á Mesa do Parlamento

Carlos López Crespo, Teresa Egerique Mosquera, M^a Angeles García Míguez, Soraya Salorio Porral, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 8^a Pesca e Marisqueo.**

Co obxectivo de fomentar e executar accións para unha conservación e aproveitamento sostible do noso medio mariño e dos seus recursos, naceu fai 15 anos o Centro Tecnolóxico do Mar, ubicado na cidade de Vigo.

Ao longo destes anos son innumerables as actividades que este centro desenvolveu no ámbito da investigación, innovación tecnolóxica, así como nos da formación e a cooperación internacional.

O Centro Tecnolóxico do Mar participou en varios centos de iniciativas europeas, nacionais e autonómicas, xestionando e coordinando proxectos de I+D+I e de cooperación internacional; realizando servizos e estudos técnicos, económicos e sociais; deseñando e implementando actividades de formación e difusión, e poñendo en marcha e participando en redes e plataformas de investigación.

Pero entre todas estas iniciativas, podemos destacar os proxectos ARCOPOL, de loita contra a contaminación mariña, ou de xestión de residuos no mar, de valorización dos subprodutos, ou no ámbito da innovación tecnolóxica, o proxecto RAIA a través do Programa de Cooperación Transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal.

Conscientes do importante papel que está a desenvolver este centro dependente da Consellería do Mar, que ademais é o único existente en España, o cal é un privilexio poder contar con él na nosa comunidade, e que ademais realiza un importante asesoramento científico para sumar argumentos aos intereses nacionais en materia pesqueira, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes Preguntas Oraís en Comisión:

1. Cales son os proxectos máis importantes do CETMAR nos últimos anos e en que consistiron?
2. En cantos proxectos traballa actualmente este centro e en que iniciativas ten previsto participar nun futuro?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2.018

Asinado dixitalmente por:

Carlos Enrique López Crespo na data 10/01/2018 11:46:51

Teresa Egerique Mosquera na data 10/01/2018 11:47:05

María Ángeles Garcia Míguez na data 10/01/2018 11:47:21

María Soraya Salorio Porral na data 10/01/2018 11:47:29

Alberto Pazos Couñago na data 10/01/2018 11:47:37

Marta Rodriguez Arias na data 10/01/2018 11:47:47

Daniel Vega Pérez na data 10/01/2018 11:48:01

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral na Comisión 5.ª, relativa ao Anteproxecto de lei de modificación da Lei 8/2008 de Saúde de Galicia.**

Non son poucas as protestas que suscitou a eliminación de Xerencias, no Servizo Galego de Saúde, nos últimos gobernos do PP. A eliminación das xerencias de atención primaria unida á absorción de varias xerencias de hospitais comarcais deviu nunha realidade na que os grandes hospitais iniciaron a concentración do investimento sanitario.

Esta situación ten causado dificultades enormes para a atención primaria, desprovista de capacidade decisoria en canto a xestión se refire e nos pequenos hospitais, nos que a burocracia se ten incrementado e a imposibilidade de ofrecer algúns servizos tamén.

A pesares da oposición que no seu momento tivo esta circunstancia, a Xunta de Galicia decide, en pleno verán, iniciar a modificación da lei de Saúde de Galicia para suprimir, de esta vez, catro áreas sanitarias. É dicir, pasamos de eliminar xerencias a eliminar tamén as áreas que dan sentido a unha planificación sanitaria descentralizada.

A presentación do anteproxecto que modifica a Lei 8/2008 de Saúde de Galicia realizouse sen negociación algunha de xeito previo, advertindo ás centrais sindicais de esta situación o mesmo día que se publicaba o texto.



Esta situación resulta unha mostra de elevada opacidade, incompatible ademais cos principios da Lei de Transparencia e Bo Goberno e coa mínima ética agardable por parte da administración.

Sobre todo, porque esta proposta de modificación abrangue aspectos moi relevantes para a sanidade pública e a cidadanía, como o é tamén os órganos de participación (Consello Galego de Saúde) que sofren un fondo recorte e mudanza.

Esta situación, na que un ataque tan relevante á sanidade se fai de xeito sibilino, tivo unha resposta pronta de sindicatos e plataformas, iniciándose unha ampla proposta de alegacións vía web. Sen embargo, unha vez máis, sobra dicir que a publicidade para realizar estas alegacións foi case nula por parte da Xunta, incrementándose así o escurantismo, nunha sorte de proceder antidemocrático.

Ante estas circunstancias, **En Marea pregunta:**

- 1.- Por que a Xunta de Galicia non negociou previamente á súa publicación cos axentes sociais o contido do Anteproxecto?
- 2.- Por que a Xunta realizou esta proposta de modificación en pleno verán e case sen publicidade?
- 3.- Por que a Xunta non retira o Anteproxecto e abre un proceso participativo de debate?
- 4.- Por que a Xunta quere eliminar catro áreas sanitarias recentralizando a planificación cando no referente á xestión os resultados non son positivos?
- 5.- Non valora a Xunta de Galicia as condicións perniciosas para a atención primaria de este Anteproxecto?
- 6.- Por que recortan de maneira substancial as ferramentas participativas coma o Consello de Saúde de Galicia e os Consellos de Saúde de Área?



7.- Por que non blindan a investigación sanitaria pública e abren a porta á privada?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do GP. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 10/01/2018 11:14:00

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

A Asociación de afectados por intervencións de cirurxía refractiva(ASACIR), fai tempo que vén denunciando as secuelas de ditas operación xunto coa publicidade enganosa que se fai da mesma, ofrecendo obxectivos que non se poden garantir e trivializando con este tipo de operacións, sen informar claramente dos riscos máis habituais.

A necesidade dunha publicidade clara xunto cunha información adecuada é algo esencial que vai máis alá do cumprimento da lexislación vixente, xa que moitos dos riscos que teñen lugar despois da operación, en algúns casos, supoñen para os doentes un empeoramento moi agudo nas súas condicións de vida.

Dentro deses riscos atopamos algúns como: o síndrome do ollo seco, síntomas visuais como halos, reflexos, visión dobre ou perda de visión así como a necesidade de seguir utilizando lentes pese ao que se anuncia.

En relación á publicidade que as clínicas ofrecen para as operacións de cirurxía refractiva, dende ASACIR foron presentadas reclamacións no *Instituto Galego de Consumo*, na *Agencia Catalana de Consum* e na *Agencia Española de Consumo, Seguridad Alimentaria y Nutrición*, tanto de xeito individualizado por membros da asociación como pola asociación como persona xurídica, contra 27 clínicas por vulneración da normativa estatal e autonómica sobre publicidade sanitaria.



Todas as denuncias acompañadas de documentación tanto en soporte escrito como audiovisual sobre a publicidade denunciada. Pero con todo, o único organismo de consumo que levou a cabo sancións foi a *Agencia Catalana de Cosum*.

Actualmente, moitas das persoas afectadas por estas prácticas están a espera de resposta de organismos como o Instituto Galego de Consumo.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.^a) Que información ten a Xunta de Galicia sobre as denuncias presentadas na Comunidade Autónoma en relación ás secuelas da cirurxía refractiva?
- 2.^a) E en relación á publicidade enganosa da mesma?
- 3.^a) Ten coñecemento a Xunta de Galicia do número de intervencións que se levan a cabo?
- 4.^a) Sabe a Xunta de Galicia cales son as follas de información que se lle da aos pacientes?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



Eva Solla Fernández na data 10/01/2018 11:21:24

Á Mesa do Parlamento

Daniel Varela Suanzes-Carpegna, Carlos López Crespo, Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Soraya Salorio Porral, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias e Daniel Vega Pérez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia ao abeiro do artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta oral para a súa resposta na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

Dende fai moito tempo se ven reclamando o saneamento integral das nosas rías e en particular, no Concello de Noia o saneamento, rexeneración e dragado da ría, obra que se ten iniciado recentemente e que segundo información publicadas vai a ser executada en distinta fases.

Ante a relevancia deste proxecto pregúntase a Xunta de Galicia para a súa resposta na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguintes Preguntas Oraís en Comisión:

1ª.- Pode a Xunta de Galicia informar acerca do proxecto de saneamento, rexeneración e dragado da ría de Noia que estase a levar a cabo nestes momentos e, en concreto, que prazos de execución ten o devandito proxecto, presupostos, empresas adxudicatarias, ámbito xeográfico que abarca e obxectivos concretos que se perseguen con esta actuación?

2º.- Cal é a incidencia medioambiental deste proxecto e que estudos e declaracións ambientais previas se teñen feito?.

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2.018

Asinado dixitalmente por:

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 10/01/2018 11:52:37

Carlos Enrique López Crespo na data 10/01/2018 11:52:58

Teresa Egerique Mosquera na data 10/01/2018 11:53:09

María Ángeles García Míguez na data 10/01/2018 11:53:21



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2018 11:55
Nº Rexistro: 22616
Data envío: 10/01/2018 11:55:58.450

María Soraya Salorio Porral na data 10/01/2018 11:53:27

Alberto Pazos Couñago na data 10/01/2018 11:53:35

Marta Rodriguez Arias na data 10/01/2018 11:53:52

Daniel Vega Pérez na data 10/01/2018 11:54:07

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Á Mesa do Parlamento

Carlos E. López Crespo, Teresa Egerique Mosquera, Marian García Míguez, Soraya Salorio Porral, Alberto Pazos Couñago, Daniel Vega Pérez e Marta Rodríguez Arias, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esta Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

A seguridade da navegación dos buques pesqueiros é unha prioridade para este goberno, como non podía ser doutro xeito. Ao longo desta lexislatura tomáronse medidas a favor da seguridade a bordo con axudas destinadas con cargo aos fondos FEP e FEMP para mellorar a eficiencia, reducir o custe enerxético, modernizar e mellorar as embarcacións.

Todas as medidas son poucas e sabemos que Portos de Galicia elaborou a finais de 2015 unha proposta para mellorar a sinalización luminosa dos accesos aos peiraos e das bateas que se encontran nas proximidades. Es proposta foi entregada a Fomento, concretamente a Puertos del Estado que é o organismo encargado da súa tramitación e aprobación.

Sen embargo, tamén somos conscientes da complexidade de adoptar unha medida que nunca se fixo antes, e que afectaría a un total de 3.300 bateas que se espallan por todo o litoral galego.

Por todo o anterior, este os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes Preguntas Oraís en Comisión:

- En que consiste a proposta de mellora da sinalización luminosa feita por Portos de Galicia?
- Que prazos manexa a Consellería do Mar para que se leven a cabo estas melloras na sinalización de bateas e acceso aos portos?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2.018

Asinado dixitalmente por:

Carlos Enrique López Crespo na data 10/01/2018 12:04:46

Teresa Egerique Mosquera na data 10/01/2018 12:05:07

María Ángeles Garcia Míguez na data 10/01/2018 12:05:30

María Soraya Salorio Porral na data 10/01/2018 12:05:37

Alberto Pazos Couñago na data 10/01/2018 12:05:45

Daniel Vega Pérez na data 10/01/2018 12:05:56

Marta Rodriguez Arias na data 10/01/2018 12:06:11

Á Mesa do Parlamento

Carlos E. López Crespo, Teresa Egerique Mosquera, Marian García Míguez, Soraya Salorio Porral, Alberto Pazos Couñago, Daniel Vega Pérez e Marta Rodríguez Arias, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esta Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

Blue Growth é unha estratexia a longo prazo establecida pola Directorate General for Maritime Affairs and Fisheries da Unión Europea (DG MARE) para apoiar o crecemento sustentable dos sectores mariño e marítimo, e recoñecer a importancia dos mares e dos océanos como motores da economía europea, polo seu gran potencial para a innovación e o crecemento.

Esta iniciativa foi proposta pola Consellería do Mar á Autoridade Portuaria de Vigo no ano 2016 para que liderase unha experiencia piloto. O Porto de Vigo asumiu esa proposta coa idea de se converter nun centro innovador, conectado, verde e inclusivo. Parece ser que no seu primeiro ano de historia, esta iniciativa vincúlase con 48 proxectos e 44 accións, dos cales a metade xa están en funcionamento, que implicarán a captación de máis de 207 millóns de euros de fondos europeos e financiamento público - privado xunto coa creación de 3.000 empregos directos de aquí ao ano 2020.

Por tanto, tendo en conta o anteriormente exposto, este grupo parlamentario quere Presentar a seguinte **Pregunta Oral en Comisión** :

- En que consiste máis polo miúdo a estratexia Blue Growth que leva a cabo o Porto de Vigo?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2.018

Asinado dixitalmente por:

Carlos Enrique López Crespo na data 10/01/2018 12:14:23

Teresa Egerique Mosquera na data 10/01/2018 12:14:39

María Ángeles Garcia Míguez na data 10/01/2018 12:15:02

María Soraya Salorio Porral na data 10/01/2018 12:15:10

Alberto Pazos Couñago na data 10/01/2018 12:15:18

Daniel Vega Pérez na data 10/01/2018 12:15:30

Marta Rodriguez Arias na data 10/01/2018 12:15:44

Á Mesa do Parlamento

Daniel Vega Pérez, Carlos E. López Crespo, Teresa Egerique Mosquera, Marian García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias e Soraya Salorio Porral deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esta Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

Dende o Grupo Parlamentario Popular poñemos en valor o traballo realizado e que está a realizar Portos de Galicia. Así o acreditan os diferentes investimentos efectuados na comarca de A Mariña.

Por outra banda, este Grupo Parlamentario considera necesario render contas ante os veciños e veciñas de A Mariña dada a importancia que os portos teñen para a nosa comarca e para economía de cada un dos concellos que a conforman.

Uns portos que fan posible a comercialización dos nosos produtos (pesca, sector forestal, turismo etc.).

Polo exposto, os deputados e deputadas abaixo asinantes, formulan as seguintes Preguntas Oraís en Comisión:

1. Que investimento sen ten realizado por Portos de Galicia en cada un dos portos de A Mariña durante a pasada lexislatura e o que levamos da actual?

2. Que investimentos se teñen previsto realizar nos portos da comarca de A Mariña?.

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2.018

Asinado dixitalmente por:

Daniel Vega Pérez na data 10/01/2018 12:32:05

Carlos Enrique López Crespo na data 10/01/2018 12:32:21

Teresa Egerique Mosquera na data 10/01/2018 12:32:32

María Ángeles García Míguez na data 10/01/2018 12:32:48

María Soraya Salorio Porral na data 10/01/2018 12:32:53

Alberto Pazos Couñago na data 10/01/2018 12:33:03

Marta Rodriguez Arias na data 10/01/2018 12:33:21

Á Mesa do Parlamento

Carlos E. López Crespo, Teresa Egerique Mosquera, Marian García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esta Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

O furtivismo é unha lacra que afecta a toda a sociedade no seu conxunto, xa que por unha banda menoscaba á economía no sentido en que laboramente afecta aos profesionais ao minorar os seus ingresos pola minoración dos recursos e a baixada de presos por sobreoferta de produto, comercialmente dana a propia imaxe dos produtos, que ven como aqueles que foron obtidos e comercializados sen as debidas garantías suplantan a súa valía e aprotéitanse do bo traballo de moitos profesionais do mar e da cadea mar- industria.

Por outra banda, prexudica tamén á saúde pública porque esta falta de seguridade alimentaria pode provocar serios riscos de intoxicación e, por último, ao medio ambiente porque agrede aos recursos mariños que, segundo os casos, pode chegar a ser irreparable.

Resulta evidente que loitar contra esta situación é unha tarefa inxente que non pode ser abordada de forma unilateral polo Servizo de Gardacostas de Galicia e vese necesaria a coordinación de todos os medios dispoñibles, máxime cando o propio furtivismo ven acompañado en moitas ocasións por fenómenos coma a violencia contra o persoal de Gardacostas ou a dificultade de realizar controis en estradas.

Conscientes de que a Xunta de Galicia aposta por todos os medios ao seu alcance para erradicar esta actividade ilegal tan prexudicial para o conxunto da nosa sociedade, os deputados e deputadas asinantes formula as seguintes Preguntas Oraís en Comisión:

1. Cales son os medios materiais e humanos dispoñibles pola Consellería do Mar para o control do furtivismo?
2. Que tipo de colaboracións con outras administracións existen neste ámbito?
3. Cal é o gasto orzamentario que se destina para este fin?

Santiago de Compostela, 10 xaneiro de 2.018

Asinado dixitalmente por:

Carlos Enrique López Crespo na data 10/01/2018 12:38:25

Teresa Egerique Mosquera na data 10/01/2018 12:38:40

María Ángeles Garcia Míguez na data 10/01/2018 12:38:55

María Soraya Salorio Porral na data 10/01/2018 12:39:01

Alberto Pazos Couñago na data 10/01/2018 12:39:09

Marta Rodriguez Arias na data 10/01/2018 12:39:24

Daniel Vega Pérez na data 10/01/2018 12:39:50

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA para a súa resposta oral na Comisión 2.^a**.

Durante os tres últimos días o Eixo Atlántico ferroviario está a sufrir unha elevada cantidade de incidencias que provocan enormes trastornos aos usuarios.

Dende o luns 8 de xaneiro téñense producido varios retrasos de varias horas nos convois, cancelacións e peches de traxecto que obrigan a derivar aos usuarios a autocares, etc.

O día 9 de xaneiro o tren que debería chegar a Santiago de Compostela as 09:40, procedente de Vigo, facíao no entorno das 10:30 e hoxe mesmo, mércores 10 de xaneiro, os pasaxeiros que percorren o traxecto A Coruña- Santiago e Coruña-Ourense foron trasladados en autocar.

A maior parte dos usuarios destas liñas son estudantes, traballadoras e traballadores, polo que os retrasos nos horarios producen enormes problemas, tanto para acudir aos postos de traballo, clases ou na conciliación familiar. A pesar desta situación dende os responsables das liñas non se produce ningunha información que permita aos usuarios actuar en consecuencia, e paliar os danos provocados por estas deficiencias no servizo, nin se ofrecen explicacións sobre os sucesos que provocan as incidencias, desinformación que incrementa a inseguridade dos usuarios e complica a toma de decisión para evitar trastornos laborais ou persoais futuros.



Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea, formula as seguintes

Preguntas para resposta oral en Comisión:

- 1) Ten coñecemento a Xunta da situación que se está a producir en canto aos retrasos e suspensión de traxectos do Eixo Atlántico ?
- 2) Que medidas vai adoptar a Xunta para evitar que se repitan estes acontecementos con esta asiduidade?
- 3) Cal é o motivo polo que non se informa puntual e correctamente aos usuarios dos retrasos e cancelacións ?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 10/01/2018 13:14:57



Marcos Cal Ogando na data 10/01/2018 13:15:34



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2018 13:19
Nº Rexistro: 22658
Data envío: 10/01/2018 13:19:21.073

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ás necesidades de mellora do servizo de pediatría en Oleiros.

Os recortes que o Goberno galego está aplicando en materia de sanidade están provocando un deterioro continuado do sistema sanitario público.

Dentro dos recortes o persoal é dos principais afectados, sendo sistemática a redución de profesionais, o que significa maior carga de traballo e que a calidade asistencial tamén se vexa afectada.

A asistencia pediátrica é un servizo do sistema público de saúde que sofre con maior virulencia esta situación de recortes, con masificación de consultas e moita poboación infantil que non é atendida por facultativ@s de pediatría, co que significa de peor calidade asistencial.

Un lugar onde se están detectando problemas e queixas é en Oleiros.

O Centro de Saúde da Covada é o de máis recente apertura co que conta o Concello de Oleiros. Malia ter espazos físicos dispoñíbeis non ofrece o servizo



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2018 13:19
Nº Rexistro: 22658
Data envío: 10/01/2018 13:19:21.073

de pediatría. Iso a pesar de que a parroquia de Oleiros experimentou nos últimos anos un importante crecemento urbanístico e o perfil máis habitual dos novos residentes é, precisamente, o de familias con crianzas.

Agora mesmo as familias que teñen asignado o Centro da Covada teñen o pediatra ou en Perillo ou en Santa Cruz: en Perillo hai 3 facultativos desta especialidade; en Santa Cruz hai 2. O servizo de Santa Cruz está totalmente colapsado: cunha poboación infantil semellante á de Perillo hai un pediatra menos e, por riba, unha das dúas pediatras de Santa Cruz ten que facer media xornada no consultorio da Casa do Mar de Mera; a outra pediatra está cunha redución de xornada, que non motivou que o SERGAS reforzase o servizo. A día de hoxe as citas telefónicas estanse dando para dentro dunha semana, o que obriga as familias a ter que colapsar o servizo de urxencias e mesmo a que mire as nenas e nenos un médico de medicina xeral.

Cubrir o servizo de pediatría no Centro de Saúde de Oleiros e, ao mesmo tempo, reforzar o servizo no Centro de Saúde de Santa Cruz ,estabilizando a praza do Consultorio de Mera, axudaría a acabar con esta precariedade de medios.

Polas razóns expostas fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Como valora o Goberno galego as carencias do servizo de pediatría nos centros de saúde de Oleiros?

-Considera o Goberno galego que con estas carencias están ben atendidos@s nen@s destes centros de saúde?

-Vai proceder a Xunta a dotar o Centro de Saúde da Cavada, en Oleiros, co servizo de pediatría, e reforzar este servizo no Centro de Saúde de Santa Cruz?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
